

Literatura ¿infantil?

Por Anxo Tarrío Varela

A nosa literatura está de noraboa por se lle ter concedido o Premio Nacional de Literatura Infantil a Xabier Docampo e o seu libro *Cando petan na porta pola noite* (Ed. Xerais de Galicia, 1994). Certamente, os que nos dedicamos profesionalmente ao ensino universitario e, polo tanto, maiormente, á observación da literatura que podemos chamar "para adultos", rara vez se nos ocorre aproximarnos a ver qué acontece no mundo diso que se chama *Literatura infantil e xuvenil*, á que algúns negan unha existencia diferenciada da literatura para maiores, outros considéranla como un xénero dentro da gran familia literaria e outros, en fin, non dubidan en lle recoñecer un estatuto propio, dando así lugar, todo xunto, a unha confusión que ben merecería un amplo debate e unha clarificación definitiva.

Polo ben tecidos que está os catro contos que o compoñen; polo ben que ensambla o xogo da imaxinación co da fantasía; polo ben que sabe conter a respiración do lector e manter o misterio; polo ben, en fin, que conxuga realidade e ficción, tradición e actualidade, ruralismo e urbanismo, escritura e oralidade, imposíbel e verosímil, etc., da lectura do libro de Xabier Docampo, que me entretivo ben durante unha hora por todas esas virtudes narrativas, non se podería tirar a conclusión de que a literatura infantil e xuvenil sexa algo diferente do resto da literatura que poidamos concibir.

Xa en 1986, cando foi da concesión deste mesmo Premio a Paco Martín por *Das cousas de Ramon Lamote* (Galaxia/SM, 1984), facíase algo raro que se impuxese un límite de idade, pois é un moi entretido libro tamén para maiores que, en troques, non serve para os máis pequenos (poñamos estes até os doce anos). Pero, agora, mesmo se fai máis raro aínda, pois estes magníficos contos de Xabier Docampo, escritos nun galego moi rico pero, polo mesmo, pouco accesíbel a lectores que non posúan un coñecemento profundo do idioma, cunha complexidade de vivencias psicolóxicas dificilmente experimentadas polos adolescentes e con significados e complicitades en suspensión que raramente pode comprender quen non teña andado abondo pola vida, coido que de ningún xeito poden inscribirse ou, mellor dito, deberían limitarse a lectores menores de idade (polo menos da idade penal de dezaseis anos), que son os que menos poden seguilos, de non mediar certo esforzo e excepcional competencia lingüística.

Así as cousas, semella que para que un texto literario poida entrar na condición de infantil e xuvenil abonda con incluílo nunha colección deseñada con elementos inconfundibelmente infantís, é dicir, nun soporte

ou paratexto, como se di na terminoloxía ao uso, cunhas cores determinadas, cuns debuxos determinados, cunha tipografía determinada, para que todo iso, no seu conxunto, oriente o comprador do libro cara a un tipo de experiencia lectora, que despois, polo que se ve, pode ou non ser cumprida e satisfeita. E fíxense que digo comprador do libro, non lector, pois é ben doado constatar que lector e comprador de literatura infantil e xuvenil son dúas realidades que case nunca coinciden, como é lóxico, pois os nenos, que normalmente non teñen "poder adquisitivo", len o que lles mercan e regalan os maiores.

En fin, que semella que o xurado do Premio Nacional de Literatura Infantil se deixou levar máis polo paratexto, é dicir, polo deseño das capas da colección "Merlín", polas ilustracións ou, como se dicía antes, polos santos do libro, ca pola súa lectura, en beneficio de Xabier Docampo, que ben merecería xa o premio por algúns dos títulos que leva publicados e que se axeitan máis á condición infantil e xuvenil: *O misterio das badaladas*, *O país durminte*, etc.

Así que, ¡parabéns! ao autor e a toda a literatura galega, pero procuren as editoriais non confundir os compradores.